

#### **Quinta: Outorgamento do premio**

Os proxectos presentados serán avaliados pola Comisión Permanente do Consello Galego de Cooperativas que actuará como tribunal para a concesión do premio. O premio será outorgado polo tribunal, que poderá declarar o premio deserto ou conceder o premio compartido.

Avaliarase a coherencia e viabilidade económica dos proxectos, o seu carácter innovador, a súa achega á posta en valor e aproveitamento sustentable dos recursos locais do contorno e a súa adecuación aos obxectivos e liñas de actuación do Plan Estratégico para o Cooperativismo.

A entrega do premio terá lugar no transcurso do acto público que se celebrará con motivo do día do cooperativismo galego.

#### **Sexta: Prazos**

O prazo de presentación das solicitudes será dende o día seguinte á publicación da orde no Diario Oficial de Galicia ata o día 15 de maio de 2011.

Se o último día do prazo fose inhábil entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte.

#### **Máis información**

[www.cooperativasdegalicia.com](http://www.cooperativasdegalicia.com)

**Consello Galego de Cooperativas 881 999 268**



**XUNTA  
DE GALICIA**



**CONSELLO GALEGO DE  
COOPERATIVAS**



**eusumo**  
Cooperativismo e Economía Social

[www.cooperativasdegalicia.com](http://www.cooperativasdegalicia.com)



**iniciativas de  
PROXECTOS  
EMPRESARIAIS  
GOOPERATIVOS  
Convocatoria  
do Concurso  
2011**

## CONCURSO DE INICIATIVAS DE PROXECTOS EMPRESARIAIS COOPERATIVOS

A Lei 5/1998, do 18 de decembro, de cooperativas de Galicia reconece de interese social a promoción e o desenvolvemento das sociedades cooperativas, e crea o Consello Galego de Cooperativas como máximo órgano de promoción e difusión do cooperativismo na comunidade autónoma.

O Consello Galego de Cooperativas é un órgano de carácter colexiado, integrado polas entidades representativas das cooperativas, por representantes da Xunta de Galicia, dos concellos e das universidades da Comunidade Autónoma, correspondendo a súa presidencia á Conselleira de Traballo e Benestar.

A Consellería de Traballo e Benestar, tendo en conta que as sociedades cooperativas teñen amosado o seu importante potencial para o impulso do desenvolvemento, local en xeral e rural en particular, entende que cómpre apoiar o seu aproveitamento integral como elementos dinamizadores da economía local e singularmente creadores de riqueza e emprego, a través do estímulo aos axentes que interveñen nos procesos de xeración de proxectos empresariais, particularmente aqueles máis ligados ao ámbito local, e a tal efecto acordou establecer as bases reguladoras do concurso de iniciativas de proxectos empresariais cooperativos e proceder á súa convocatoria para o ano 2011.

## BASES REGULADORAS

### Primeira. Obxecto

A finalidade deste concurso é estimular e apoiar aos axentes que interveñen nos procesos de xeración de proxectos empresariais, en especial nos proxectos ligados ao ámbito local, para que no seu labor de técnicos/as no asesoramento e impulso de proxectos fomenten o cooperativismo como fórmula de desenvolvemento local en Galicia.

Con este obxecto premiarase aos impulsores das mellores iniciativas de proxectos empresariais organizadas baixo a fórmula cooperativa. Os proxectos terán por obxecto o impulso e aproveitamento integral dos recursos locais no ámbito galego de xeito que poidan incentivar o desenvolvemento local en xeral, e rural en particular..

### Segunda. Participantes

Poderán participar neste concurso as persoas físicas pertencentes a colectivos tales como axentes de desenvolvemento local, axentes de extensión pesqueira, de extensión agraria, técnicos/as de emprego, técnicos/as de grupos de acción local, orientadores/as educativos e laborais, técnicos/as das Consellerías do Mar, de Medio Rural e de Traballo e Benestar, así como técnicos/as das asociacións de cooperativas e asesores e consultores de cooperativas. Así mesmo, o concurso estará aberto a todas as persoas físicas, maiores de idade e de calquera nacionalidade, impulsores de proxectos empresariais cooperativos.

### Tercera. Presentación dos proxectos

Poderán presentarse proxectos individuais ou colectivos. Cada persoa poderá participar nun só proxecto individual e/ou nun só proxecto colectivo. A participación en máis dun proxecto unicamente será admisible cando sexan proxectos de diferente modalidade (individual e colectivo).

A solicitude de participación xunto co proxecto presentaranse na Dirección Xeral de Relacións Laborais (Consellería de Traballo e Benestar, edificio administrativo de San Lázaro, 15781 Santiago de Compostela).

Deberá presentarse unha copia de cada proxecto, en papel formato A4 (DIN-A4, 210 x 297), claramente impresa a espazo simple en Arial 12 ou tipo de letra similar e nunha soa das caras da folia. A extensión máxima dos proxectos será de 20 folias (incluíndo no cómputo os anexos). Ademais será obrigatorio enviar os proxectos en formato electrónico de forma complementaria ao envío en papel.

Cada proxecto presentárase asinado cun pseudónimo na carátula e acompañado por un sobre, debidamente pechado; na súa fronte indicárase o pseudónimo usado polo/s autor/es polo/s autora/s. No interior dese sobre deben figurar os datos persoais e de contacto do autor/a para os proxectos individuais e de cada un dos compoñentes do grupo de traballo nos proxectos colectivos: nome e apelidos, DNI ou número de pasaporte, domicilio, teléfono, e enderezo de correo electrónico, se o tivese. O dito sobre permanecerá invariáblemente pechado, a excepción do correspondente ao proxecto que acede o premios e de aqueles que sexan seleccionados para formar parte dun catálogo de referencia.

Cada proxecto entregado estará acompañado ademais dunha nota escrita polo/s autor/es polo/s autora/s e asinado co seu pseudónimo, na cal aceptará expresamente as bases e condicións do concurso e declarará que a obra é da súa autoría, inédita, que non foi presentada a outro concurso pendente de resolución e que non ten cedidos ou prometidos os dereitos de edición e/ou reprodución en calquera forma con terceiros. No sobre pechado indicado anteriormente, incluírase unha certificación asinada co nome e apelido do autor, na que este se fai expresamente responsable da veracidade e exactitude da declaración mencionada neste parágrafo. No caso de faltar este requisito, o proxecto quedará excluído do concurso.

### Quarta. Premio

Outórgase un único premio de 7.000 euros, dos cales 4.000 euros entregaranse tras a resolución do tribunal, e 3.000 euros entregaranse tras a presentación dunha memoria das xestións realizadas para a posta en marcha do proxecto; será preciso xuntar a documentación acreditativa que xustifique, como mínimo, a conformación do grupo promotor do proxecto, coa relación de nomes e apelidos e a acta da súa primeira reunión.